

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria o 21 de abril de 2017, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia da Semana Santa de Betanzos:

“ANTECEDENTES

En data 06.04.2016 Consello de Turismo de Galicia informou desfavorablemente a proposta de declaración de festa de interese turístico de Galicia a “Semana Santa de Betanzos”, debido a que se apreciou que non cumpría as condicións de singularidade. En data 08.03.2017 o concello remite documentación adicional exhaustiva na que se aportan criterios que xustifican a súa singularidade.

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu, o 17.04.2017, o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da Semana Santa de Betanzos, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

Informe da Área provincial de A Coruña da Axencia Turismo de Galicia.

Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria.

Solicitud de declaración de festa de interese turístico da Confraría de Semana Santa de Betanzos, así como Acordo do Pleno do concello de 28,04,2015 sobre a devandita solicitude, a memoria e documentación xustificativa.

Documentación adicional xustificativa da singularidade.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I. Marco xurídico

Para a valoración desta solicitude tense en conta a seguinte lexislación:

Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia

Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

“Artigo 93. *Festas de interese turístico de Galicia.*

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e

que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais de celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo: Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa unha festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración:**

a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A estética, valorarase posta en escea da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

- c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.
- d) O coidado axeitado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.
- e) A calidade dos actos que configuren a celebración.
- f) A creatividade e innovación na celebración do evento.
- g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.
- h) A afluencia de visitantes.
- i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

II. Competencia

Emítese este informe sobre a declaración da Semana Santa de Betanzos como festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

III. Procedencia

Unha vez analizado o expediente e comprobados os requisitos establecidos para a procedencia da declaración, en relación ao cumprimento destes, establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, a “Semana Santa de Betanzos” acada unha valoración positiva e cumpre obxectivamente todos os requisitos establecidos no citado precepto.

O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade.

b) Singularidade.

Na regulación vixente diferéncianse os requisitos esixibles para a declaración de festa de interese turístico dos criterios de valoración; os requisitos configúranse como elementos de inescusable concorrencia e deben ser apreciados con rigor, posto que as festas declaradas deben ser a imaxe de Galicia e, así, tender cara a excelencia e calidade.

A xuízo do pleno, logo de analizada a documentación presentada ao respecto, a Semana Santa de Betanzos conta coa singularidade requirida para a súa declaración como festa de interese turístico de Galicia.

c) Arraigamento.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas.

e) Valor cultural.

f) Continuidade no tempo.

Na regulación vixente diferéncianse os requisitos esixibles para a declaración de festa de interese turístico dos criterios de valoración; os requisitos configúranse como elementos de inescusable concorrencia e deben ser apreciados con rigor, posto que as festas declaradas deben ser a imaxe de Galicia e así, tender cara a excelencia e calidade.

Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración**:

a) A **facilidade de acceso**: O concello de Betanzos está integrado na comarca do que leva o seu mesmo nome, próximo a importantes núcleos poboacionais como A Coruña e Ferrol, e

toda a contorna está fortemente poboada, sendo unha das de maior densidade poboacional de Galicia.

Polo anteriormente mencionado atópase facilmente comunicado con vías terrestres tales como a autoestrada A-9, a autovía A-6, a N-VI e a N-651.

Sitúase a 27 km do aeroporto de A Coruña, a 53 de Lavacolla-Santiago e con fácil acceso a ambos pola autopista A-9. Os portos de A Coruña e Ferrol están tamén a pouco máis de 30 minutos por carretera.

Tamén dispón de boas comunicacións coas estacións de autobuses e de ferrocarril de A Coruña e Ferrol.

Dentro das infraestruturas das que dispón o Concello de Betanzos, temos que contar principalmente aquelas que son relevantes directamente para o turismo e os visitantes na festividade do Corpus Christi.

Ademais dos aparcadoiros que se poden atopar nas rúas principais da vila, Betanzos conta cunha serie de espazos acondicionados para este fin durante todo o ano, así como áreas que se habilitan con carácter excepcional para dar cabida a grandes volumes de visitantes, como pode ser o caso das festas da Semana Santa, durante as que se levan a cabo as procesións.

No referente aos transportes públicos, Betanzos conta con empresas de liña regular que comunican coas cidades e vilas de toda Galicia e destinos nacionais.

b) A **estética**: A imaxe do evento é un dos aspectos máis representativos do mesmo.

A propia estética da imaxinería que se procesiona

As roupas que cubren as distintas imaxes

O coidado aspecto das rúas polas que pasan as procesións

A singularidade dos espazos físicos polos que discorren as procesións

A coidada presenza da indumentaria dos grupos tanto portadores das imaxes procesionadas como dos acompañantes dos diferentes pasos

c) Aquelas **manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares**: Trátase dun evento cultural vinculado aos costumes vinculados á tradición relixiosa da zona dende épocas antigas.

d) O **adequado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza**: Prestase especial coidado na presenza dos elementos da paisaxe urbana polos que discorren as procesións.

e) A **calidade dos actos que configuren a celebración**: Está totalmente garantida pola coidada presenza da imaxinería e de todo o que rodea os distintos pasos, dende os acompañantes, portadores, grupos musicais, adornos florais, ..., etc.

f) A **creatividade e innovación na celebración do evento**: O Concello de Betanzos xunto coas confrarías encargadas das procesións pretenden:

1. Manter viva esta tradición cultural tan arraigada na vila de Betanzos
2. Respetar as tradicións sen descoidar a mellora continua da imaxe aportada.
3. Que a participación e compromiso da cidadanía se manteña no tempo coa colaboración do concello
4. Celebración de concertos de música sacra, clásica e outras vinculadas ao tempo de celebración das procesións
5. Posta en valor de accións promocionais e de divulgación tales como conferencias ou exposicións de distinto tipo
6. Oficios relixiosos que se levan a cabo no Convento das MM Agostiñas Recoletas
7. Vía crucis escenificado
8. Grupo de portadores composto por persoas con discapacidade intelectual

Dende os seus inicios, alá pola idade media ata a celebración actual tivo un pulo importantísimo, tal como se reflicte na memoria e o feito de que se constitúe como un dos elementos fundamentais da difusión desta actividade única en Galicia.

g) O **nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes**: Na memoria que se xunta indícase que a oferta de establecementos, tanto hostaleiros como de restauración, pode abranguer a unha grande cantidade de visitantes.

Acompáñase o inventario turístico da vila de Betanzos no que se recollen recursos patrimoniais arqueolóxicos e naturais que complementan a oferta turística.

h) A **afluencia de visitantes**: Na memoria consideran beneficiarios da actividade ao público asistente en xeral ao igual que a poboación propia de Betanzos. Os datos veñen dados polos seguintes medios:

Protección civil, colabora de xeito activa na organización dos aparcadoiros e a obtención desas cifras

Voluntarios e persoal da oficina de turismo local, que realizan un recuento de coches e ocupantes que acceden ao evento

Policía local comunica á organización a cifra estimada de asistentes.

i) A **coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa**: A Confraría da Semana Santa de Betanzos está a traballar man a man co Concello e outras entidades implicadas como son as distintas asociacións involucradas na organización das procesións, ademais do conxunto da poboación da vila que participa activamente, aínda que de xeito non organizado formalmente. Todos eles de xeito coordinado están a mellorar e darlle pulo a esta grande celebración de actos relixiosos e de manifestación cultural popular da Semana Santa.

Os labores de promoción da festa recóllense na memoria, fan referencia a artigos de prensa, accións en soporte dixital, vídeos, ..., etc. Edicións de videos, fotografías e CD's promocionais de diferentes anualidades como accións en radio e T.V. Tamén se recolle

cartelería e folletos informativos referentes a estes actos así como accións promocionais no entorno dixital.

Este evento é considerado unha proposta que acredita a súa singularidade, diríxese a un público tanto comarcal como nacional, coidan especialmente a estética e ten unha positiva repercusión na imaxe de Galicia como destino turístico.

Por todo o exposto, O Consello de Turismo de Galicia

INFORMA

Favorablemente a declaración como festa de Interese Turístico de Galicia o evento “Semana Santa de Betanzos”.